

The Wayback Machine - <https://web.archive.org/web/20121126003045/http://xmeyre.blogaliza.org/2012/05/>

## [ferradura en tránsito](#)

Xuro que loitarei para que a miña lingua alcance o máis amplo uso social, dentro e fóra da miña comunidade, e obteña a máxima difusión e recoñecemento en todos os ámbitos sociais.(Noeli Pocaterra)

### Archive for Maio, 2012

[« Previous Entries](#)

[Páxina seguinte »](#)

#### [dous medos, e o espectáculo...](#)

Posted: Xoves, Maio 31st, 2012 @ 6:46 p.m. in [ACTUALIDADE LITERARIA](#), [CRÁ“NICA DA CRÁ□TICA](#) | [No Commentss »](#)

Porque hoxe non teño outra senón navegar en varios galeóns. Dun lado o teatro radiofónico do Diario Cultural ( VI edición), que encetarei en canto volva de nadar. Doutro lado o [Iria](#) de Anxo Angueira. Ao que hai que sumar o [Inflamable](#) que onte comentei e aínda me arde no peito. E o [Avó Ismail](#), que veño de pousar.

Son os dous últimso títulos os que centran os meus medos, que á súa vez derivan do feito constatábel de que amioría da xente le sen ter idea cabal de canto a lectura pode transformar as súas vidas. Non é que a xente lea por ler, non, mais a compoñente de espectáculo arimada á literatura pesa moito, excesivamente moito, valla a expresión.

A novela de Esther Prieto traducida por Esperanza Mariño, boa seguidora da literatura asturiana e tamén autora da versión en galego, é unha dura crónica da sen razón humana, ca crueldade a que pode chegar o ser humano cando teima en non respectar os dereitos culturais e impoñer oportunistas criterios de xeopolítica sobre eles. A historia do avó Ismail e a súa familia é a crónica da loita pola vida, as dificultades que vivir ( algo tan simple) ten cando un é musulman, beduíno, palestino.

E do poemario de Samuel L. París tamén me chega outro medo polo mesmo río da espectacularidade. Neste caso, a forza corrosiva da expresividade pode levar a que o artificio agache o fondo criticado. Xa pasou co [Unicornio de cenouras](#) dos Ronseltz. E, se volve pasar, Inflamable arderá menos do que debería.

Por certo. A lectura destes dous libros debera ser obrigatoria para os políticos...



#### [literatura para arder](#)

Posted: Mércores, Maio 30th, 2012 @ 6:11 p.m. in [ACTUALIDADE LITERARIA](#), [CRÁ“NICA DA CRÁ□TICA](#) | [3 Comments »](#)

Logo de que Samuel L. París verquera na rede o [Manual da destrución](#), un exorcismo de poesía punk do que xa nos temos ocupado nesta [Ferradura](#) en máis [dunha ocasión](#), regresa á actualidade mais xa desde o [papel](#) que Positivas puxo á súa disposición.

É dicir, regresa o memso espírito plenamente punk, lúcido como unha filósofa, irreverente como un apóstata, sarcástico como litros de alcol libre, intelixente como todos o rebeldes, rebelde como intelixencia participativa, xenerosa e comprometida (uf, igual me teño que arrepentir de usar esta palabra á que non renuncio, porque é un compromiso tan libre e en tantas direccións...)

Un deleite, puro deleite poético que lembra, como non!, o **Unicornio de cenouras que cabalgas os sábados** ( Ronseltz).

Poesía para arder. Si, poesía para arder no peito.

Déixovos algúns bocados:

### **cantares hespañoles**

cando van

van como rosas

cando veñen

veñen como diez (31)

.....

### **dístico do cautivo, boh!**

luís de góngora y argote

marica o que non bote (21)

.....

rianxeira

calvo

escurís

está claro

neste país

mandarán sempre

los conservadores (15)

.....

### **sexo oral lúdico**

cómesma

e contas vinte (63)

.....

agora son poeta

agora non o son

agora son poeta

agora non o son

agora compro un iphone (37)

Non, non se me fai raro que a poesía para arder chegue de Muros...



## [a lingua clara e o chocolate espeso](#)

Posted: Martes, Maio 29th, 2012 @ 5:33 p.m. in [LINGUA](#), [POLÍTICA](#), [SOCIEDADE](#), [CULTURA](#) | [No Commentss »](#)

*A única condición é a da calidade e relevancia dos contidos, ben como a preferencia polas obras en lingua galega, aínda que a depender dos ámbitos ese requisito pode ser flexibilizado ou mesmo non aplicable.*

Nun medio como [Praza Pública](#), aliñado indiscutibelmente coa cultura galega, e nun afán de promoción da cultura propia, o salientado de arriba supón unha patada nos fuciños da lingua galega... Ou é que a estas alturas do XXI a cultura galega on é quen de dar conta de segundo que parcelas da cultura?

Por favor!

Ou é que tiñamos que entender que será publicada a noticia en función da «importancia» dos seus contidos independentemente da lingua? Pois non eixa de ser outra hostia ben dada, porque a lingua é a primeira en marcar precisamente a relevancia dos contidos, non se escapando que se a «noticia» vai en lingua galega xa de por si leva un plus propio de interese...

Home, que medios que un pensaba estaban no mesmo bando ca un saian con estas «peteneras»...

Mais non queda aí a cerimonia de confusión.

[Dioivo](#) fala de como puxo en apuros a Feixó, unha periodista de Interconomía, co vello tópico/prexuízo: *«Usted dice: los niños pueden elegir en qué idioma hacer el examen: en español o en gallego, pero no pueden elegir cómo estudiar esa asignatura y hay asignaturas muy importantes que las están dando en gallego, lo cual resulta un gran problema como naturaleza o conocimiento del medio, o historia, que sólo se dan en gallego o en inglés»*. Ao que o Feixó botou peito: *«El gallego tiene una gran utilidad pues sabiendo galleo te puedes comunicar con más de 200 millones de habitantes. Excluido el chino, después del inglés y el español está el portugués»*. Nótese o castelán. Foi daquela que a xornalista interrompeuno dicindo/recoñecendo a súa pouca destreza lingüística: *«Yo hablo gallego y no se entiende muy bien. Yo tenía un compañero de piso portugués y no le entendía nada»*

Puidera parecer que Feixó bota unha man ao galego. Quen o crea é [ilus@](#) que precisa curación.

No medio quedamos nós.

Por certo, debeu ser na mesma entrevista, digo eu: LVG trae unha noticia, un breve, a lingua galega non merece máis na folla parroquial de Santiago y Cierra España, unha noticia que fala de como lle preguntaron a Feixó en inglés, sobre a credibilidade do políticos, e Feixó respondeu recoñecendo a súa pouca destreza co inglés e enzalando o galego e portugués. En [LVG](#).

No medio quedamos nós.

Os que perdemos, nesta cerimonia de confusión a redor da lingua.

